



CERTIFICACIÓN

Ricardo Garrido Caneda, secretario do Concello de Vilasantar, agás erro ou omisión involuntaria, **CERTIFICO** o acordo que deseguido transcribo:

4.- Modificación ordenanza reguladora das operacións forestais de corta, depósito e transporte de madeira no concello de Vilasantar:

Expte TEDEC: 2020/G014/000001

Vista as actuacións contidas no expediente 2020/G014/000001 mediante o cal se tramita o proxecto de modificación da Ordenanza *reguladora das operacións forestais de corta, depósito e transporte de madeira no Concello de Vilasantar* procede trasladar ó Pleno desta coproración para a súa aprobación, se procede, da seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar Inicialmente a Ordenanza *reguladora das operacións forestais de corta, depósito e transporte de madeira no Concello de Vilasantar* nos seguintes termos:

- Actualización normativa, eliminando a referencia ó artigo 28 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, no artigo 1 da ordenanza.
- Engádegas do seguinte texto ó final do cuarto guión do artigo 3 da ordenanza:
“[...], con referencia expresa da localización dos puntos de amoreamento e carga de madeira ou biomasa”.
- Sustitución do primeiro parágrafo do artigo 4 da ordenanza polo seguinte texto:
“Os solicitantes de cada autorización de corte e saca de madeira deberán presentar coa súa solicitude o xustificante de presentación dunha fianza a favor do Concello de Vilasantar por cada un dos puntos de amoreamento e carga de madeira de madeira ou biomasa, os cales deberán ser sinalados de forma precisa na documentación á que se refire o artigo 3 desta ordenanza e que deberán localizarse fóra da zona de dominio público.
Serán válidas todas aquelas fianzas presentadas a través dos procedementos establecidos pola lexislación vixente, co fin de responder do arranxo dos posibles danos que se puideran chegar a producir nas vías de dominio público empregadas para as labores das actividades afectadas pola ordenanza así como da súa limpeza.”
- Actualización normativa, substituindo a referencia ós artigos 9 e 199 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia, polo artigo 103 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, no artigo 7 da ordenanza.
- Actualización normativa, substituindo a referencia ó Real Decreto 1398/1993, así como á Lei 30/1992, pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, no artigo 7 da ordenanza.

SEGUNDO: Someter o Expediente -con carácter posterior a devandita aprobación inicial- a Información Pública e Audiencia dos interesados polo prazo mínimo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxestións.



TERCEIRO: No caso de que non se presente ningunha reclamación ou suxestión entenderase definitivamente adoptado o presente acordo quedando facultado expresamente o Alcalde/sa- Presidente/a para a súa publicación e execución.

O Alcalde, don Fernando Javier Pérez Fernández, da lectura da proposta de acordo explicando os cambios na ordenanza.

O concelleiro do BNG, don Jose Antonio Cotos Seoane, indica que hai un problema cos puntos de carga de madeira, pois considera que todos son de titularidade privada.

A continuación, o concelleiro do BNG, don Álvaro Xesús García Freire, indica que a Consellería competente debería enviarlle ós concellos copia das autorizacións de corta de madeira para o efectivo cumprimento da normativa.

Unha vez debatida a proposta e oídas tódalas consideracións oportunas ó respecto apróbase a presente proposta de modificación da Ordenanza *reguladora das operacións forestais de corta, depósito e transporte de madeira no Concello de Vilasantar* nos seus termos orixinais por unanimidade.

E para que conste, asino o presente certificado co visto e praxe do alcalde, coas limitacións do establecido no artigo 206 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento, organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, co visto e praxe do alcalde.

Vilasantar, venres 9 de outubro de 2020

O secretario, Ricardo Garrido Caneda
O alcalde, Fernando Pérez Fernández